



## **BANDO DE ALCALDÍA**

### **MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS.**

O Concello de Barbadás, en reunión mantida polo grupo de goberno o 12 de marzo de 2020, acorda a adopción das **seguintes medidas** en materia de saúde con motivo da situación actual provocada polo CODVID-19, velando pola saúde pública da cidadanía:

- **QUEDAN CLAUSURADOS OS SEGUINTES SERVIZOS, ACTIVIDADES E LOCAIS:**

- o **SERVIZOS SOCIAIS E PARTICIPACIÓN VECIÑAL:**

- QUEDAN CLAUSURADOS TODOS OS LOCAIS SOCIAIS DO MUNICIPIO E SUSPENDIDAS AS ACTIVIDADES PÚBLICAS NOS MESMO. PROHÍBESE CALQUERA ACTO DE ASOCIACIONISMO NOS MESMO.
- QUEDAN CLAUSURADOS TODOS OS TANATORIOS SALVO EN CASO DE DEFUNCIÓN, NO QUE PREVIA COMUNICACIÓN AO CONCELLO, SÓ SE AUTORIZARÁ A ENTRADA DO FINADO E EXCLUSIVAMENTE DA SÚA FAMILIA.
- QUEDAN SUSPENDIDAS TODAS AS ACTIVIDADES PROGRAMADAS E EN EXECUCIÓN PARA A TERCEIRA IDADE.
- QUEDAN SUSPENDIDAS OS ACTOS CONMEMORATIVOS DO 8M.

- o **SERVIZO DE URBANISMO:**

- A ATENCIÓN AO PÚBLICO REALIZARASE PREFERENTEMENTE DE MANEIRA TELEFÓNICA.
- EN CASO DE NECESIDADE DE ATENCIÓN PRESENCIAL, SOAMENTE SE PERMITIRÁ O ACCESO DE UNHA PERSOA A DITO ESPAZO, TENDO QUE ESPERAR A SÚA QUENDA OS SEGUINTES FÓRA DAS DEPENDENCIA MUNICIPAL.

- o **OBRAS E XARDÍNS:**

- COMO MEDIDA DE PRECAUCIÓN O PERSOAL DE BRIGADAS ACTUARÁ EN GRUPOS MÁXIMOS DE 3 PERSOAS (OS GRUPOS PERMANECERÁN INVARIABLES, SEMPRE COS MESMOS TRABALLADORES).
- A ESTANCIA NOS VESTIARIOS REALIZARASE POR TURNOS (MÁXIMO DE DOUS).
- QUEDA CLAUSURADA A ESCOLA INFANTIL ( POR 14 DÍAS EN PRINCIPIO).

- o **CULTURA E EDUCACIÓN:**

- QUEDA CLAUSURADA A ESCOLA DE MÚSICA POLO MESMO PRAZO.
- QUEDAN SUSPENDIDAS TODAS AS ACTIVIDADES DA CASADA CULTURA (BIBLIOTECA, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, CONCERTOS, AULA DE TEATRO). PERMANECERÁ ACTIVO O SERVIZO DE PRÉSTAMO BIBLIOTECARIO, DEBENDO OS/AS USUARIOS/AS DE UN/HA EN UN/HA.
- QUEDA CLAUSURADO O SERVIZO DE BOS DÍAS COLE.
- QUEDAN SUSPENDIDAS AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, INCLUÍDO REFORZO DE INGLÉS, E O PROGRAMA DE ESCOLA DE FAMILIAS.
- QUEDA CLAUSURADO O ESPAZO INFANTIL.

- o **DEPORTES:**

- QUEDA CLAUSURADO O POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, E SUSPENDIDAS TODAS AS ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NEL.
- QUEDAN CLAUSURADOS TODOS OS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL.
- QUEDAN SUSPENDIDAS AS ESCOLAS DEPORTIVAS DE CALQUERA MODALIDADE E A PARTICIPACIÓN DOS EQUIPOS MUNICIPAIS EN CALQUERA COMPETICIÓN (DENTRO OU FÓRA DO TERMO MUNICIPAL).

- o **PROMOCIÓN ECONÓMICA:**

- QUEDAN SUSPENDIDAS TODAS AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E CALQUERA ACTIVIDADE QUE SUPONA ASISTENCIA DE PÚBLICO (ORGANIZADAS POLO CONCELLO OU AS QUE SE REALICEN A TRAVÉS DE CESIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS A TERCEIROS).

Barbadás, a 13 de marzo de 2020.

O ALCALDE.

